

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA DEZANOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as nove horas e trinta e dous minutos do día dezanove de maio de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PsdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ (se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)

Polo Grupo Político Popular:

D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión o concelleiro do PsdeG-PSOE, don Miguel Suárez García, a concelleira do partido Popular, dona Izaskun García Gorostizu e o concelleiro do BNG, don Gonzalo Méndez Mosquera.

Asiste á sesión o interventor accidental, don Roberto Babío Fernández e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATAS 28.04.2022 E 05.05.2022.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións de datas 28 de abril de 2022 e 5 de maio de 2022, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións de datas 28 de abril de 2022 e 5 de maio de 2022, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións de datas 28 de abril de 2022 e 5 de maio de 2022.

2.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO 2022.

A Presidencia somete a debate e votación do pleno a proposta da sra. concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica de data 9 de maio do ano 2022 (código de documento UIT16I00CD), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda, patrimonio, administración electrónica, urbanismo, participación cidadá, educación e medio rural na sesión de data 12 de maio do ano 2022 que transcrita di:

“PROPOSTA

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2022, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2022.

No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de 01 de abril de 2022 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento e da apertura dun prazo de quince días hábiles durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo presentáronse diversas reclamacións:

- O 04 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022/3369) don Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez
- O 22 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022/4058) don José García Alfonso
- O 25 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022 / 4116) dona Verónica Rivadulla Deschamps
- O 26 de abril (número de rexisto de entrada no Concello 2022/4179) dona Begoña Millán Iribarren en representación de don Julio Sacristán de Diego
- O 26 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022/4181) dona Alba Pérez Barros.
- O 26 de abril (número de rexistro de entrada no Rexistro da Xunta de Galicia con número 2022/1108219 e número de rexistro de entrada no Rexisto do concello de Culleredo 2022/4206) dona Adriana Álvarez Iglesias.

Vistos o informe UEH16I005K emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT16I00C6 emitido polo interventor accidental que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Rexeitar a totalidade das alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

ingresos manifiestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Segundo.- Aprobar definitivamente o orzamento para o exercicio 2022. “

Consta no expediente informe do xefe de servizo de economía e facenda de data 4 de maio de 2022 (código de documento UEH16I005K) que transcrito literalmente di:

“CUESTIÓN PRANTEXADA

Reclamacións presentadas contra a aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2022.

ANTECEDENTES

1. O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2022, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2022, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004 (en adiante, TRLFL)
2. Durante o período de exposición ao público, iniciado previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 01 de abril de 2022, presentáronse diversas reclamacións contra o referido acordo de aprobación inicial.

2.1 O 04 de abril de 2022 (número de rexistro de entrada no Concello 2022/3369) don Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez presenta unha reclamación á aprobación do Orzamento de 2022 na que indica

“3. Que o pleno do concello de Culleredo en sesións, tanto de 2018 coma de 2019, aprobou recuperar o camiño de Orro a Ledoño, concretando iniciar o expediente de recuperación dos terreos do camiño e que se incluíría no orzamento unha partida para o financiamento da reconstrución.

4. Que non se inclúen no Orzamento Xeral que se acaba de aprobar as partidas destinadas ao proxecto aprobado polo pleno do concello para a recuperación do camiño de Orro a Ledoño, o cal é preceptivo.

5. Que existen na parroquia de Orro, tanto nos lugares coma na aldea, ausencias significativas do servizo de saneamento.

6. Que todos os anos, no tempo de verán, a aldea sofre perdas de presión no subministro de auga potable. Estas perdas de presión supoñen a perda total do servizo nas zonas altas da aldea.

7. Que non se inclúe no Orzamento Xeral aprobado inicialmente partidas destinadas a dotar dos servizos marcados pola lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

7. Que o TRLHL no seu artigo 170.2 indica como un dos motivos para a alegación b) omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

8. *Que os recursos poden extraerse da partida: programa 151, clasificación económica 60000, aplicación orzamentaria-Urbanismo.: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística; inversións en Terreos, descrición-adquisición de Terreos*

9. *Que non aparece dotación consignada á reforma integral do centro social da aldea, aprobada en 2018 e volta a aprobar en 2019.*

En base ao que solicita

A revisión do Orzamento Xeral para o exercicio 2022, para que dea cumprimento a todos os preceptos legais incluíndo partida orzamentaria para os proxectos recollidos nesta alegación.

2.2 O 22 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022/4058) don José García Alfonso presenta unha reclamación á aprobación do Orzamento pra 2022 na que solicita “*Que se atenda a presente alegación e se inclúa no Orzamento de 2022 unha partida concreta e suficiente para dotar e/ou mellorar servizos na barriada de Avda. da Corveira, R/Losada Diéguez e R/Pablo Neruda, nomeadamente: recollida de pluviais, eliminación de fochancas, dotación de mobiliario urbano, limpeza viaria, corte da vexetación próxima ás vivendas, desratización e, a adopción das medidas oportunas para eliminar os perigos que derivan das frecuentes estadias de persoas, sobre todo adolescentes, nos edificios abandonados.*”

2.3 O 25 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022 / 4116) dona Verónica Rivadulla Deschamps formula reclamacións á aprobación inicial do Orzamento na que indica

“3) *Que vexo o informe da Intervención e a nota informativa da Secretaría do Concello de Culleredo no que se reclama unha maior definición das partidas orzamentarias.*

4) *Que non se inclúen no Orzamento Xeral aprobado inicialmenteii partidas destinadas a cubrir as seguintes carencias en Ledoño:*

- *Subvención nominativa anual para o Centro Social de Ledoño, acordada e asinada entre o Concello de Culleredo e o propio Centro Social de Ledoño.*

- *Cubrición da pista polideportiva de Ledoño, anunciada varias veces nos últimos anos, incluída no modificativo de crédito aprobado a finais de 2021 pero non executado ao finalizar o exercicio correspondente (ver noticia a seguir).*

(...)

Construción dun parque biosaudable, prometido e anunciado á veciñanza desde hai varios anos (ver noticia a seguir).”

En base ao que solicita

A revisión do Orzamento Xeral para o exercicio 2022, para que dea cumprimento a todos os preceptos legais incluíndo partida orzamentaria para os proxectos recollidos nesta alegación.

2.4 O 26 de abril (número de rexisto de entrada no Concello 2022/4179) dona Begoña Millán Iribarren en representación de don Julio Sacristán de Diego presenta unha reclamación á aprobación inicial do Orzamento na que indica

Primero.- Mi representado interesó de éste concello, mediante escrito de fecha 23 de Enero de 2018, el resarcimiento de los gastos de representación y defensa jurídica, por un importe total de 13.569,50 €, IVA incluido, generados por los procesos judiciales en que se vio inmerso, personalmente, en el ejercicio del cargo público de alcalde que ha ostentado en éste concello

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

El concello no dictó resolución algún respecto de lo interesado por mi representado.

Segundo.- Que en las bases de ejecución del presupuesto municipal del ejercicio 2022 no se incluye ninguna partida por importe de 13.569,50 € por el concepto de resarcimiento de los citados gastos, razón por la que interesa que se incluya en dicho presupuesto una partida, por dicho importe y por el citado concepto, a favor de mi representado.

En base ao que solicita

dicte resolución acordando acceder a lo interesado en la alegación segunda de este escrito.

2.5 O 26 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2022/4181) dona Alba Pérez Barros como "veciña/o de Culleredo e responsábel local do Bloque Nacionalista Galego", (representación que non acredita) presenta unha reclamación na que solicita "a revisión do Orzamento Xeral para o exercicio 2022, para que se dea cumprimento a todos os preceptos legais incluíndo partida orzamentaria para os proxectos recollidos nesta alegación", facendo nos expoñendos referencia a

"Que a definición das partidas do anexo de inversións non están suficientemente definidas para que a veciñanza se poida facer unha idea daqueles investimentos que afectan ás súas parroquias, lugares, rúas, ou que convirte este anexo en inservible para abordar unha planificación da satisfacción das necesidades veciñais.

É imprescindible para que o orzamento sexa unha documentación transparente e útil para a participación veciñal así como para a fiscalización da súa execución.

a) Así o lembra tamén a Sra. Interventora no seu informe, concretamente no último parágrafo da páxina 8."

"Non hai unha planificación de contratación dos servizos que a día de hoxe están cubertos con empresas que carecen de contratos, incorrendo en ilegalidade e no disfrute de actividade comercial e empresarial privilexiada con respecto a aqueles pequenos empresarios locais que non poden concorrer a ofertar os seus servizos para esas oportunidades de negocio.

5) Que nos últimos anos non houbo un só contrato menor publicitado na plataforma de contratación do estado para o noso Concello; o último é de 2018. O que impide que os pequenos comerciantes e pequenas empresas poidan informarse daqueles gastos que fai o Concello aos que poderían ofertar os seus produtos en igualdade de oportunidade con aquelas empresas ás que se lle solicita presuposto, tal como debería garantírselles para dar cumprimento aos seus dereitos.

a) A este respecto, a base de execución nº10 na que se inclúe unha nova regulación dos contratos menores, vai en dirección contraria, incorrendo en menor fiscalización deses contratos menores e maior obscurantismo e a anulación das posibilidades das pequenas empresas para participar da contratación pública.

O pasado exercicio, máis de 8 millóns dos 12 de gasto en bens e servizos, foron obxecto de reparos suspensivos da intervención por motivos dese tipo.

O exposto, é evidenciado tamén pola Sra. Interventora no último parágrafo da páxina 2 cando cita textualmente que non se recolle a esixencia de solicitar tres presupostos para os contratos menores e ademais contempla unicamente o criterio cuantitativo para a consideración dun contrato menor. Como consecuencia, fai ver a Sra. Interventora que desde ese punto de vista,

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

calquera contrato tramitado como menor, malia non ter contado con tres presupostos, fiscalizárase en aplicación desa base 10, no caso de non ser reformada, como intervida.

O goberno municipal alónxase así do cumprimento da Lei e das garantías para tratar por igual a todos os empresarios de Culleredo e de usar o orzamento público para xerar beneficio ao comercio e pequeno empresariado local, en beneficio de non se sabe que intereses.

(...)

todo o exposto anteriormente non é unha mera opinión de parte senón o recordo a este goberno municipal de que ten que axustarse aos intereses da veciñanza e á legalidade.”

2.6 O 26 de abril (número de rexistro de entrada no Rexistro da Xunta de Galicia con número 2022/1108219 e número de rexistro de entrada no Rexisto do concello de Culleredo 2022/4206) dona Adriana Álvarez Iglesias presenta unha reclamación (no se nome e no dos asinantes no escrito que acompaña) na que indica

“3) Que vimos no informe da Intervención e a nota informativa da Secretaría do Concello de Culleredo no que se reclama unha maior definición das partidas orzamentarias.

4) Que non se inclúen no Orzamento Xeral aprobado inicialmente partidas destinadas a cubrir as seguintes carencias do noso rueiro/colectivo:

- Ampliación e renovación da rúa de acceso á urbanización da Fonte da Balsa e a creación de prazas de aparcadoiro tal e como prometeu o Concello.

-Rehabilitación da praza pública da urbanización da Fonte da Balsa, dado que se atopa en mal estado e ocasiona filtracións no garaxe.

- Modificación das canalización e colectores de pluviais para evitar as inundacións do garaxe que se veñen repetindo periodicamente.”

En base ao que solicita

A revisión do Orzamento Xeral para o exercicio 2022, para que dea cumprimento a todos os preceptos legais incluíndo partida orzamentaria para os proxectos recollidos nesta alegación.

C.I.F. P-1503100-H

CONSIDERACIÓNS

1. De acordo co establecido polo apartado primeiro do TRLFL.

1. Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.

O anuncio da aprobación inicial foi publicado no boletín oficial da provincia de 01 de abril de 2022. En consecuencia, as reclamación ante o Pleno contra a aprobación do Orzamento de 2022 poden presentarse ata as 23:59 horas do día 26 de abril de 2021.

2. De acordo co establecido polo apartado primeiro do TRLFL, terán a consideración de interesados

1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.

3. Contra a aprobación do Orzamento, de conformidade co sinalado no apartado segundo do referido artigo 170 TRLRFL, unicamente poderán entablarse reclamacións por tres motivos:

- i. Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na referida Lei.
- ii. Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- iii. Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidade para as que estea previsto.

4. Análise das reclamacións presentadas.

4.1. Análise da reclamación presentada por don Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

4.1.1. A reclamación foi presentada dentro do prazo establecido ao efecto. En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL outórgalle a condición de interesado.

4.1.2. Respecto á inclusión dunha partida orzamentaria para o financiamento da reconstrución do camiño de Orro a Ledoño, debe sinalarse que, de acordo coa moción aprobada polo Pleno á que fai referencia o reclamante, previamente haberá que recuperar o mesmo e, unha vez cuantificado o seu custe a través da redación do correspondente proxecto, será cando se poida consignar a partida orzamentaria que corresponda e non antes.

En todo caso, debe sinalarse que unha vez completados os devanditos trámites, o devandito gasto habería de ser aprobado con cargo á partida orzamentaria 1531-61900 do Orzamento.

O artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais establece que o control contable dos gastos realizarase sobre a aplicación presupostaria antes definida e o fiscal sobre o nivel de vinculación. E a Base 3 das de execución do orzamento, establece respecto ao nivel de vinculación xurídica dos créditos a área de gasto a nivel de clasificación por programas e o capítulo a nivel da clasificación económica. A devandita partida está encadrada na vinculación xurídica 1-6 do proxecto de Orzamentos, que conta cun crédito inicial por importe de 2.728.151,09€ e no exercicio de 2020, último liquidado, finalizou o exercicio cun crédito dispoñíbel de 757.915,11€.

Polo tanto, non se pode afirmar que o Orzamento omita o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local e, en consecuencia, a reclamación non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

4.1.3. Respecto á omisión de crédito orzamentario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local (de acordo coa alegación: "ausencias significativas do servizo de saneamento" na parroquia de Orro e "perdas de presión no subministro de auga potable" no tempo de verán que supoñen a "perda total do servizo nas zonas altas da aldea").

No concello préstase servizo de abastecemento de auga potábel e o servizo de saneamento e no Orzamento se recollen as partidas orzamentarias precisas para elo. Polo tanto, en tanto en canto ámbolos dous servizos son

prestado no municipio, non se pode entender que no Orzamento se omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal.

En todo caso, podería considerarse que solicita destinos alternativos dos fondos pero non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

4.1.4. Respecto a que *“non aparece dotación consignada á reforma integral do centro social da aldea, aprobada en 2018 e volta a aprobar en 2019”*, a reclamación non indica órgano nen data de tal aprobación nen a existencia de título lexítimo que determine a existencia dunha obriga esixible ao Concello. Por tanto, non acredita a existencia da omisión de crédito necesario para o cumprimento dunha obriga exible. En todo caso, podería considerarse que solicita destinos alternativos dos fondos pero non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

4.2. Análise da reclamación presentada por José García Alfonso

4.2.1. A reclamación foi presentada dentro do prazo establecido ao efecto. En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL outórgalle a condición de interesado.

4.2.2. Esta reclamación solicita destinos alternativos dos fondos pero non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

4.3. Análise da reclamación presentada por dona Verónica Rivadulla Deschamps

4.3.1. A reclamación foi presentada dentro do prazo establecido ao efecto. En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL outórgalle a condición de interesado.

4.3.2. Esta reclamación sinala que non se inclúe no Orzamento Xeral aprobado inicialmente unha partida destinada a “Subvención nominativa anual para o Centro Social de Ledoño, acordada e asinada entre o Concello de Culleredo e o propio Centro Social de Ledoño”. Na reclamación non consta acreditada a existencia dunha obriga esixible á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo e, en consecuencia, non acredita que se omite o crédito necesario para o seu cumprimento.

4.3.3. Ademais, esta reclamación solicita destinos alternativos dos fondos pero non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

4.4. Análise da reclamación presentada por don Julio Sacristán de Diego

4.4.1. A reclamación foi presentada dentro do prazo establecido ao efecto. En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL outórgalle a condición de interesado.

4.4.2. Esta reclamación sinala que “en las bases de ejecución del presupuesto municipal del ejercicio 2022 no se incluye ninguna partida por importe de 13.569,50 € por el concepto de resarcimiento de los citados gastos” (refírese a gastos de representación e defensa xurídica xenerados en diversos procesos xudiciais nos que se viu inmerso no exercicio do cargo público de alcalde deste Concello, reclamados o 23 de xaneiro de 2018), polo que solicita que “se incluya en dicho presupuesto una partida, por dicho importe y por el citado concepto”.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

En primeiro lugar debe sinalarse que, tal e como establece o artigo 165 TRLFL no seu apartado primeiro, o documento integrante do orzamento no que se incluírán os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas é o estado de gastos, non as bases de execución. Este último documento, incluído no orzamento, contén a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias de propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa xestión, establecendo as prevencións oportunas e convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nen comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

Por tanto, dificilmente poderá atoparse nas bases de execución a partida económica que se reclama.

En todo caso, como a reclamación remata dicindo que “se incluya en dicho presupuesto una partida, por dicho importe y por el citado concepto”, podería considerarse que a reclamación se refira a que o orzamento omite o crédito necesario para o cumprimento dunha obriga esixible á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

A este respecto, no expediente tramitado ao efecto (código de expediente UEH/2018/22) consta a certificación emitida pola Intervención municipal de existencia de crédito dispoñíbel na aplicación orzamentaria 912-22604 e da retención de crédito para tal finalidade co código de operación 220220002254.

Por tanto, debe sinalarse en primeiro lugar que as bases de execución do orzamento non é o documento integrante do Orzamento no que consignar unha partida orzamentaria. En segundo lugar, que a cantidade reclamada non constitúe unha obriga esixíbel a esta entidade en tanto non sexa previamente recoñecida a procedencia da indemnización. E en terceiro lugar, que o orzamento xa recolle na aplicación orzamentaria 912-22604 o crédito necesario para aplicar ao Orzamento a obriga de indemnizar, non caso de de que corresponda o seu recoñecemento.

Por tanto, desde este punto de vista, a reclamación non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.


4.5. Análise da reclamación presentada por dona Alba Pérez Barros

4.5.1. A reclamación foi presentada dentro do prazo establecido ao efecto. En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL outórgalle a condición de interesado, como veciña de Culleredo.

Non obstante, a este respecto cómpre ter en conta que a reclamante na súa reclamación se identifica como “veciña/o de Culleredo” e como “Responsable local do BNG de Culleredo” e co rexistro electrónico da reclamación achega un documento denominado “Alegacións BNG Culleredo Orz22”.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento USG16101UY	Código do expediente USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

Concello de Culleredo		seo
	Identificación de rexistro e procedemento UNIDADE DE XESTION DE REXISTRO E PADRON Instancia xenérica	CONCELLO DE CULLEREDO Data: 26/04/2022 22:47:24 Rexistro: 2022/4181
	Código de aforo URPE1602GT	Data e hora de rexistro 26/04/2022 22:47:24

XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO TELEMÁTICO

DATA, HORA E NUMERO DE REXISTRO(negociado/xeral)

26/04/2022 22:47:24 nº3197/4181

EXTRACTO (Contido do escrito)

En calidade de Responsable local do BNG de Culleredo, fágolles chegar as alegacións que atoparán adxuntas a respecto dos Orzamentos municipais para o presente exercicio.

INTERESADOS

[PRINCIPAL]

47377899\$ PEREZ BARROS, ALBA

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

Alegacións BNG Culleredo Orz22 - 1651006012821380.pdf

Solicitudude

26/04/2022

04/26/2022

22:47:24

nº3197/4181

En calidade de Responsable local do BNG de Culleredo, fágolles chegar as alegacións que atoparán adxuntas a respecto dos Orzamentos municipais para o presente exercicio.

[PRINCIPAL] 47377899\$ PEREZ BARROS, ALBA

Documento 1

Alegacións BNG Culleredo Orz22

C.I.F. P-1503100-H

Cómpre facer a distinción entre as reclamacións presentadas polos habitantes do termo municipal, que como tal teñen a condición de interesados, e as realizadas polos grupos políticos con representación na Corporación. A este respecto García López e López Rey ¹ sosteñen que *“la ley define y concreta el concepto de “interesado”, y parece que en el mismo no se comprende el de un grupo político cuya función política de control y fiscalización se canaliza a través de los mecanismos”* establecidos para ello en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

4.5.2. A reclamación solicita “A revisión do Orzamento Xeral para o exercicio 2022, para que dea cumprimento a tódolos preceptos legais incluíndo partida orzamentaria para os proxectos recollidos nesta alegación”

En canto á inclusión de “partida orzamentaria para os proxecto recollidos nesta alegación”, no escrito presentado non se atopou a relación de proxectos aos que se fai referencia, motivo polo cal non é posíbel analizar se algún deles se refire a unha obriga esixíbel á Entidade. En todo caso, esta reclamación solicitaría destinos alternativos dos fondos pero non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

En canto á revisión do Orzamento para que o mesmo dea cumprimento “de tódolos preceptes legais”. Así, no punto 3) da reclamación refírese a que “a definición das partidas do anexo de inversións non están suficientemente definidas para que a veciñanza se poida facer unha idea daqueles investimentos que afectan ás súas parroquias, lugares, rúas, ou que convirte este anexo en inservible para abordar unha planificación da satisfacción das

¹ García López, Álvaro e López Rey, Ramón Valentín. La legitimación de los grupos políticos municipales para presentar reclamaciones, sugerencias o iniciativas ante el Ayuntamiento. QDL, outubro de 2002

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

necesidades veciñais.". No punto 4) refírese a que "Non hai unha planificación de contratación dos servizos que a día de hoxe están cubertos con empresas que carecen de contratos, incorrendo en ilegalidade" e no punto 5) refírese a que "Que nos últimos anos non houbo un só contrato menor publicitado na plataforma de contratación do estado para o noso Concello; o último é de 2018" e no apartado a) do punto 5) "A este respecto, a base de execución nº10 na que se inclúe unha nova regulación dos contratos menores, vai en dirección contraria, incorrendo en menor fiscalización deses contratos menores e maior obscurantismo e a anulación das posibilidades das pequenas empresas para participar da contratación pública" "O exposto, é evidenciado tamén pola Sra. Interventora no último parágrafo da páxina 2 cando cita textualmente que non se recolle a esixencia de solicitar tres presupostos para os contratos menores e ademais contempla unicamente o criterio cuantitativo para a consideración dun contrato menor. Como consecuencia, fai ver a Sra. Interventora que desde ese punto de vista, calquera contrato tramitado como menor, malia non ter contado con tres presupostos, fiscalizárase en aplicación desa base 10, no caso de non ser reformada, como intervida".

Respecto á planificación da contratación de servizos e da publicación dos contratos menores no perfil de contratante do Concello, aloxado na plataforma de contratación do sector público, ningunha destas cuestións é un motivo de reclamación contra a aprobación do Orzamento establecidos polos artigo 170 TRLFL.

Respecto á base 10 das de execución do orzamento, o artigo 165 TRLFL establece que o Orzamento da Entidade

Asimismo, incluirá las bases de ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia entidad, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, sin que puedan modificar lo legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieran legalmente procedimiento y solemnidades específicas distintas de lo previsto para el presupuesto

C.I.F. P-1503100-H

e o artigo 9 do Real Decreto 500

1. El Presupuesto General incluirá las bases de ejecución del mismo que contendrán, para cada ejercicio, la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad y de sus Organismos autónomos, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, sin que se pueda modificar lo legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieran legalmente de procedimientos y solemnidades específicas distintas de lo preceptuado para el Presupuesto (art. 146.1, LRHL).

2. Las Entidades locales regularán, entre otras materias, en las bases de ejecución del Presupuesto lo siguiente:

- a) Niveles de vinculación jurídica de los créditos.*
- b) Relación expresa y taxativa de los créditos que se declaren ampliables, con detalle de los recursos afectados.*
- c) Regulación de las transferencias de créditos, estableciendo, en cada caso, el órgano competente para autorizarlas.*
- d) Tramitación de los expedientes de ampliación y generación de créditos, así como de incorporación de remanentes de créditos.*
- e) Normas que regulen el procedimiento de ejecución del Presupuesto.*

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

- f) *Desconcentraciones o delegaciones en materia de autorización y disposición de gastos, así como de reconocimiento y liquidación de obligaciones.*
- g) *Documentos y requisitos que, de acuerdo con el tipo de gastos, justifiquen el reconocimiento de la obligación.*
- h) *Forma en que los perceptores de subvenciones deban acreditar el encontrarse al corriente de sus obligaciones fiscales con la Entidad y justificar la aplicación de fondos recibidos.*
- i) *Supuestos en los que puedan acumularse varias fases de ejecución del Presupuesto de gastos en un solo acto administrativo.*
- j) *Normas que regulen la expedición de órdenes de pago a justificar y anticipos de caja fija.*
- k) *Regulación de los compromisos de gastos plurianuales.*

3. *Las bases de ejecución del Presupuesto de cada ejercicio podrán remitirse a los Reglamentos o Normas de carácter general dictadas por el Pleno.*

Pola súa banda, a Lei de Contratos regula os contratos menores no seu artigo 118

Artículo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

1. *Se consideran contratos menores los contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministro o de servicios, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 229 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal.*

2. *En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con el fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.*

3. *Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.*

4. *En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando sea requerido por las disposiciones vigentes. Deberá igualmente solicitarse el informe de las oficinas o unidades de supervisión a que se refiere el artículo 235 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.*

5. *Lo dispuesto en el apartado 2.º de este artículo no será de aplicación en aquellos contratos cuyo pago se verifique a través del sistema de anticipos de caja fija u otro similar para realizar pagos menores, siempre y cuando el valor estimado del contrato no exceda de 5.000 euros.*

6. *Los contratos menores se publicarán en la forma prevista en el artículo 63.4.*

En consecuencia, a base 10 das de execución do orzamento no seu apartado 4 limitase a adaptar o disposto pola Lei de Contratos respecto dos contratos menores (que de acordo do disposto polo seu artigo 118 "Se consideran

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

contratos menores los contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministro o de servicios, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 229 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal.”) á organización e circunstancias da propia Entidade fixando e establecendo as prevencións que considera necesarias para a xestión dos gastos, pero sen modificar o lexislado para a administración económica nen comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente de procedementos e solemnidades”.

Por tanto, desde este punto de vista, as bases de execución axústantase na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na Lei.

Tal e como sinala o informe de intervención (“Desde este punto de vista, cualquier contrato tramitado como menor, o factura recibida, que, aún cumpliendo con los requisitos exigidos en las bases, no esté avalado por tres presupuestos, o tenga carácter no excepcional (regular), o periódico, se fiscalizará, en aplicación de esa base informada desfavorablemente, con intervenido.”) emitido con ocasión da aprobación inicial do Orzamento, será na fase de execución do orzamento cando haberá de analizarse o cumprimento das especificacións e da tramitación establecida pola Lei de Contratos para os contratos menores (cumprimento dos límites cuantitativo e temporal, informe de necesidade, aprobación do gasto, incorporación da factura correspondente, no seu caso orzamento das obras e proxecto cando sexa esixíbel, así como calquera outra norma ou prevención establecida respecto aos mesmos).

4.6. Análise da reclamación presentada por dona Adriana Álvarez Iglesias

4.6.1. A reclamación foi presentada dentro do prazo establecido ao efecto. En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL outórgalle a condición de interesado.

4.6.2. Esta reclamación solicita destinos alternativos dos fondos pero non se fundamenta en ningún dos motivos establecidos na Lei de Facendas Locais para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.

Por todo o cal, chégase á seguinte

CONCLUSIÓN

As reclamacións poden ser desestimadas polos motivos expostos nos considerandos do presente informe.”

Consta no expediente informe do interventor accidental de data 9 de maio de 2022 (código de documento UIT16I00C6) que transcrito literalmente di:

“CUESTIÓN PLANTEXADA

Alegacións presentadas contra a aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2022.

ANTECEDENTES

1. O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2022, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2022, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004 (en adiante, TRLFL)
2. No expediente consta o informe de intervención (documento código UIT16I0060) ao proxecto de Orzamento para o exercicio 2022 emitido pola Interventora xeral, no que chega ás seguintes conclusións:

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

- “el proyecto de Presupuesto sometido a informe consta de la totalidad de la documentación requerida.”
 - “esta Intervención llega a la conclusión de que aparecen recogidos los créditos necesarios para el cumplimiento de las obligaciones exigibles a esta entidad, de acuerdo con los datos obrantes en estas oficinas.”
 - “el Proyecto de Presupuesto General para el ejercicio 2022, desde el punto de vista de la estabilidad presupuestaria presenta capacidad de financiación en los términos mencionados, respeta los principios legalmente consagrados de unidad, universalidad, especialidad cuantitativa y anualidad, realizándose sobre el mismo las consideraciones contenidas en el presente informe.”
3. Durante o período de exposición ao público, iniciado previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 01 de abril de 2022, presentáronse diversas reclamacións contra o referido acordo de aprobación inicial.
4. No expediente consta o informe UEH16I005K emitido polo xefe do servizo de economía e facenda, unidade administrativa á corresponde a súa tramitación, expoñendo os antecedentes e disposicións legais nas que se funda o seu criterio.
5. Ante a ausencia da interventora xeral e logo da comunicación de tal circunstancia á dirección xeral da administración local de Xunta de Galicia, en virtude do nomeamento como interventor accidental mediante resolución do Director xeral de administración local, quen suscribe procede ao exame do expediente e á emisión do informe que corresponde á intervención municipal.

C.I.F. P-1503100-H

CONSIDERACIÓNS

1. As reclamacións preséntanse dentro do prazo establecido no artigo 169 apartado primeiro do TRLFL.

1. Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.

2. Contra a aprobación do Orzamento, de conformidade co sinalado no apartado segundo do referido artigo 170 TRLFL, unicamente poderán entablarse reclamacións por tres motivos:

- i. Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na referida Lei.
- ii. Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- iii. Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidade para as que estea previsto.

- 3.- O análise das alegacións consta no informe UEH16I005K, dándose por reproducido neste o seu contido e conclusións.

Do informe UIT16I0060 emitido pola interventora xeral sobre ao proxecto de Orzamento para o exercicio 2022 aprobado inicialmente dedúcese que o orzamento axustouse na súa elaboración e aprobación aos trámites

14 de 20

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

establecidos pola Lei das facendas locais, que non se omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo e que os ingresos son suficientes con relación as gastos orzamentados e estes respecto das necesidades para as que está previsto.

Por todo o cal, chégase á seguinte

CONCLUSIÓN

A totalidade das alegacións poden ser desestimadas polos motivos expostos nos considerando do informe no informe UEH16I005K.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a noite pasada presentaron unha emenda no rexistro xeral do Concello de Culleredo (rexistro de entrada no Concello 2022/4951 de data 19 de maio de 2022).

(neste momento se incorpora á sesión o concelleiro don Abraham Seijas González)

A continuación o sr. Chouciño Garrido procede a ler a emenda presentada que, transcrita di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, Voceiro do Grupo Municipal do BNG, representante do grupo na comisión de Facenda, diante da proposta para a convocatoria do Pleno de 19 de Maio de 2022 ás 9:30 horas, respecto do punto 2.- Proposta sobre resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento do 2022.”

EXPÓN:

Que na reunión da de Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración electrónica, Participación cidadá, Educación e Medio rural, celebrada o pasado xoves, o seu único punto da orde do día 1.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento 2022. Foi ditaminado co voto en contra deste representante do BNG motivado, tanto porque a Concelleira de Facenda nos propoñía rexeitar as alegacións e así levar a Pleno a proposta de rexeitalas tamén, como pola negativa da presidenta propoñente, respecto de nosa petición de modificar o texto da proposta para así poder someter a votación separada cada unha das alegacións ao orzamento que obraban na documentación.

Mantemos a nosa reclamación, posto que non se poder meter nunha única proposta por exemplo, a cuestión relativa á reclamación do anterior alcalde dunha cantidade de cartos para pagar os seus gastos xurídicos, que as diferentes alegacións veciñais que reivindican servizos obrigatorios amparados por Lei a prestar polo Concello, ou que a alegación relativa á base de execución número 10 relativa aos contratos menores.

Por tanto,

SOLICITA.

1. Que se teña por presentada emenda ao Ditame para que se modifique e se desgolose en tantas propostas como alegacións ao orzamento hai presentadas e así poder sometelas a votación por separado.
2. Que se retire a proposta realizada ao Pleno de rexeitar as alegacións presentadas ao orzamento para rectificala no sentido explicado antes, con anterioridade a volver presentala.”

Intervén o sr. Alcalde e di que a emenda se vota ao final do debate sobre o punto, que é o que está establecido e lle pregunta ao sr. Chouciño Garrido se rematou a súa exposición.

O sr. Chouciño Garrido intervén e di que en absoluto; que entende que a emenda se presentaba ao principio; di que aínda que a lóxica sexa inversa vanse pronunciar sobre a proposta da sra. Iglesias Becerra; que veñen un conxunto de alegacións da veciñanza que ao entender do BNG son ben sensatas, ben comedidas e son sobre cuestións que si son de obriga legal; que está na Lei de bases de réxime local que os accesos aos núcleos de poboación é unha

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

das cuestións obrigatorias, e tamén os servizos básicos coma saneamento e auga potable ou moitas das outras alegacións que irá desglosando a seguir.

Continúa a súa intervención o sr. Chouciño Garrido e di que comeza coa alegación da xente de Fonte da Balsa, que achega corenta e tres sinaturas e que lles lembran permanentemente todos os anos que eles non esquecen a burla que se lles fixo cando puxeron alí en plenas eleccións unha caseta de obra e uns palets de baldosas que retiraron nada máis pasadas as eleccións para, supostamente, facer a obra de melloras de accesos; que isto foi no 2019 e están no 2022 e a obra segue sen facerse; que agora volveu lembrarllo, que lle lembra que é unha obriga legal ter uns accesos ás súas vivendas, ao seu rueiro en condicións dignas e de seguridade; que xa llo lembraron nas achegas ao orzamento antes de que o goberno municipal o elaborara supostamente e agora demostran a carraxe que lles dá non ver no orzamento unha soa partida para as melloras tan necesarias e imprescindibles no seu rueiro; di que o goberno municipal lles debe unha explicación, pero desde o BNG teñen a sensación de que esa explicación non existe; que o goberno municipal viu a Fonte da Balsa como un lugar a onde ir en período electoral para aproveitarse da boa fe da xente que non puxo en dúbida que se había movemento de obra, pois que daquela sí que ía; que pasaron tres anos e van tres orzamentos desde aquela e o goberno municipal non destinou nin un só euro no orzamento a mellorar cuestións das que están a falar as veciñas e os veciños.

Segue a súa intervención o sr. Chouciño Garrido dicindo que a segunda das alegacións refírese á Avenida da Corveira, rúa Pablo Neruda, e rúa Losada Diéguez, que en resumo falan tamén de obrigas legais: recollida de pluviais, eliminación de fochancas, dotación de mobiliario urbano, limpeza viaria insuficiente, corte de vexetación próxima ás vivendas, desratización e a adopción das medidas oportunas para eliminar os perigos que derivan das frecuentes estadias de persoas, sobre todo adolescentes, nos edificios abandonados; que cun pouco de afán de superación desta realidade urbana tan precaria e de haber cobiza san por parte do goberno que preside o sr. Rioboo poderíase denominar rexeneración integral do barrio, tan necesaria para mellorar a accesibilidade, sanidade, seguridade e dignidade das persoas que o habitan.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención e di que outra das alegacións son as da xente de Ledoño, que lle lembran o mal que se porta o goberno municipal co Centro Social de Ledoño, someténdoo a unha insuficiencia financeira maila ter un convenio feito con eles, e que non merecen porque son a parroquia que pon o centro, a súa propiedade veciñal a disposición permanentemente; que tamén lle lembran a eterna promesa de cubrir a pista polideportiva e que nunca pasa da infografía; que volven falar de infografías; dille ao sr. Alcalde que Ledoño merece outra consideración e que fai coma se non existiran.

Di que a seguinte das alegacións fala da parroquia de Orro, que reclaman aquilo que o sr. Alcalde negaba: que non houbera problemas de abastecemento de auga, poñéndoo de mentireiros, que tiveron que saír a pronunciarse na prensa para deixarlle claro que quen mentía era o sr. Alcalde; di que, volveron avisar de que lles empeza o verán, é dicir, os cortes de auga propios desta tempada; que tamén falan de alcantarillado; que o sr. Alcalde lles preguntaba de forma vehemente e incluso irrespetuosa que lle indicaran onde faltaba alcantarillado en Orro, pois resulta que tivo xa no período de achegas ao orzamento numerosas solicitudes de que se completara a rede de saneamento e a mellora da traída de auga; que o sr. Alcalde pode negar as evidencias, pero a veciñanza non vive no mundo ficticio do sr. Rioboo senón na realidade do día a día da súa parroquia; pregunta canto do que se destina a saneamento no anexo de investimentos en atención a cinco parroquias, Orro, Boedo, Celas, Sueiro e Sésamo, canto vai para cada parroquia; pregunta tamén canto financiamento se precisa para acometer e completar a rede de saneamento que debería ser unha realidade hai moito tempo; pregunta se a partida de reposicións da rede de abastecemento de auga vai para a parroquia de Orro que sofre constantes cortes cada ano e canto vai para reposicións como di o título da partida para o resto do Concello; di que non o saben, que non vai desglosado; que xa advirte a interventora nos seus informes que as partidas están insuficientemente especificadas e aquí teñen a mostra desa insuficiente especificación; di que hai que lembrar que se se licítase o servizo da auga potable, en precario desde 2014, como fixo no seu día Carballo, poderían ter un plan de investimentos a cargo da empresa adxudicataria que permitiría destinar eses fondos que agora se destinan a reposición para outros destinos, pero o goberno municipal prefire que Gestagua siga prestando o servizo sen contrato; que Culleredo perde e que cando un perde outros gañan, iso é así de toda a vida.

Di que tamén lles lembran sobre a recuperación do camiño de Orro a Ledoño, que aprobaron no Pleno por dúas veces iniciar as accións para recuperar os terreos ocupados que pertencían ao Concello por tratarse dun camiño público e que agora están en mans privadas; que para acometer esa recuperación do camiño unha vez obtidos os

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

terreos precísase un investimento e o goberno municipal non destina un só euro; que os acordos de recuperación do camiño son de 2018 e 2019 e se adoptaron por unanimidade, que o goberno municipal votou a favor polo que non teñen palabra, non cumpren.

Continúa a súa intervención o sr. Chouciño Garrido e di que en relación a reforma do Centro Social de Orro, pregunta por qué non se mellora; pregunta qué ten o goberno municipal contra esa parroquia; di que está recollido como un dos investimentos que se ían facer cos fondos EDUSI no plan de CulleredoVivo do que tanto presumen polos medios de comunicación, pero a pouco que se rasca non hai nada.

Segue a dicir que as alegacións que fai a súa compañeira Alba do BNG en relación á base da execución número 10, que busca converter os contratos menores en normalidade, sendo algo totalmente contrario á Lei de contratos, e o goberno municipal insiste en facelo así; que iso é un prexuízo para os pequenos comerciantes e pequenos empresarios que non poden presentarse a estas licitacións pequenas que poderían ser unha achega de volume de negocio para eles e o goberno municipal está restando toda esa parte do presuposto público a unha licitación transparente, a unha contratación transparente na que poidera presentarse todo aquel pequeno comerciante de Culleredo; que o último contrato menor que hai publicado na web, parécelle recordar que é do 2017, que desde alí non se publicou ningún; que ningún pequeno empresario, ningún pequeno comerciante puido presentarse aos numerosísimos contratos menores que o goberno municipal fai sempre con reparos da Intervención.

Di que hai que falar tamén dun capítulo a parte, que é a alegación do anterior Alcalde, sr. Sacristán, que quere que lle paguen os avogados que contratou para os pleitos que tivo mentres era Alcalde de Culleredo, entre eles, o que lle presentara o sr. Rioboo, que o acusaba de cuestións moi graves que podían constituír ilícitos penais; pregunta ao sr. Alcalde qué foi de aquilo e se desestiu da acusación; que agora teñen que pagar o avogado do sr. Sacristán que non quixo que o defenderan os servizos municipais e acudiu a avogados privados, cuestión que por suposto pode exercer, pero o que non pode é virles reclamar que lle cubran estos gastos; que se votaran as alegacións por separado, a proposta de rexeitar esta votarían a favor, pero as demais non, que votarían en contra porque eles queren que se estimen, e non que se rexeiten como propoñen; que é curioso que o sr. Sacristán reclame miles de euros para que lle cubran os avogados que él quixo contratar, que será cousa de eméritos; segue a dicir que unha cousa que lles estrañou, xa cando viron o orzamento e da que solicitan aclaración é a relativa á falta de partida para asumir o pago da liquidación do Centro Loxístico de Transportes e pregunta se non debería o orzamento recoller unha partida para asumir o dito pago; di que pola acta da Xunta de Goberno Local de 4 de maio puideron saber que xa por fin o Tribunal Supremo se pronunciou en casación e xa a sentenza é totalmente firme; que por tanto a liquidación que se emitiu de forma provisional e que nalgún momento terá que ser definitiva e que se non lembra mal, na partida do modificado de crédito de outubro de 2021 preveía un millón cen mil euros para ese pago, pero que ao non terse executado deducen, e lles gustaría que llo aclararan se están equivocados, que os créditos do orzamento de 2021, incluídos os modificados como o que se aprobou en outubro, desaparecen, quedan extintos no momento en que se cambia de exercicio presupostario; que polo tanto, en 2022 non tiñan unha partida para acometer o pago de un millón cen mil euros, e estarían diante dunha obriga legal, obriga que implica dotar unha partida orzamentaria para facelo.

Remata a súa intervención o sr. Chouciño Garrido dicindo que por todo isto, van votar en contra de rexeitar as alegacións, ben é certo que lles gustaría que se aprobara a emenda para votar as alegacións por separado e así votar a favor de rexeitar a alegación do sr. Sacristán que pide miles de euros para pagarlle aos avogados dos pleitos.

Intervén o sr. Alcalde e di que lle agradece a intervención ao sr. Chouciño Garrido; di que o denominador común da súa exposición é que ás veces perde a atención sobre o que sucede nos plenos e o que se lle di, ou que ao mellor non lle interesan as respostas que lle dan; que cre que segue coa súa teoría de tratar de confundir á opinión pública, (dito co maior respecto); di que empezando polo final, que iso xa está consignado na xeneración de crédito que se fixo no orzamento de outubro, que se fixo unha xeneración de crédito en outubro por un millón cento e pico mil euros que lles marcaba a sentenza e di que o teñen xa consignado para proceder ao seu pagamento; que esa contía xa se levou a un pleno; que se por calquera circunstancia houbera que incrementala habería que loxicamente modificar ese importe pero reitera que iso xa está consignado e lle pregunta á sra. Iglesias Becerra se é así.

A continuación intervén a sra. Iglesias Becerra e di que, ao marxe de que esté consignado ou non, non forma parte da orde do día, que non están a discutir ese tema, que están a discutir as alegacións ao orzamento que non teñen nada que ver e que non están nin tan sequera no momento da aprobación inicial; que o orzamento xa foi aprobado

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

inicialmente, e neste momento están coa aprobación definitiva e coa desestimación das alegacións que se achegaron.

O sr. Alcalde intervéñe e di que en calquera caso lle informa que xa está consignado, nun Pleno, nunha incorporación de crédito; que cre que foi no mes de setembro do ano pasado; que con respecto ás diferentes alegacións, nin sequera recollen o formato de alegación, independentemente da argumentación que o sr. Chouciño Garrido poida facer e que é moi respectable; que algunha das cousas que indica o sr. Chouciño Garrido como é Fonte da Balsa depende dunha incorporación de remanentes por eso leva desde o ano 2019 sen incorporarse ao orzamento porque xa está, xa é un crédito comprometido cunha incorporación de remanentes e non fai falta levalo ao pleno de orzamentos; que xa lle explicaron o que é a incorporación de remanentes pero que o sr. Chouciño Garrido insiste por activa e por pasiva en dicir que as incorporacións de remanentes non existen en Culleredo; que si que hai incorporacións de remanentes; que hai moitas obras onde non se meten porque xa están comprometidas no orzamento e que cando se faga a incorporación de remanentes xa se van ver todas as obras que non é necesario incorporar ano tras ano no orzamento e que esa é a explicación. Con respecto á alegación do sr. Sacristán, o sr. Rioboo Castro di que él ve moitos concellos nos cales os alcaldes piden as indemnizacións cando saen arquivadas as súas causas, cando saen absolutos das acusacións e di que si que se pide esa indemnización e que cre que os letrados do Concello non están para defender ao alcalde nun presunto delito senón que están para defender ao concello; que cre que nesa reclamación tamén vai algunha que o sr. Chouciño Garrido perdeu con él; di que él non denunciou a ningún, que puxo en coñecemento da xustiza, que é moi distinto, uns feitos presuntamente ilícitos e que as investigacións derivaron onde derivaron; que o sr. Chouciño Garrido ten sentada moi cerca de él á persoa que lles deu toda a información para que procederan a esa denuncia; reitera que non son alegacións, que non reúnen o formato de alegación; que o triste é que non reunindo o formato de alegación, o que consigna a propia lei, teñan que estar no día da data no Pleno cando podían ter o orzamento aprobado con bastante antelación; que iso é algo que hai que corrixir e que se o formato non é de alegación pois se rexeitan porque non reúnen o formato e non hai que estar debatindo alegacións que non son alegacións con todos os respectos a quen as presenta; que se non fora polo que lle está a dicir da incorporación de remanentes e outras cuestións que poderían ter toda a razón pero que no único que teñen a razón é que se está tardando en facer as obras pero que están perfectamente consignadas noutros orzamentos; que insiste que na incorporación de remanentes xa se ve, que o sr. Chouciño Garrido di que a incorporación de remanentes é un bulo pero que non o é, que é unha realidade.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do PP, sr. Prieto García quen, unha vez concedido di que botan en falta ao igual que en anos anteriores a falta de diálogo do goberno coa oposición; que entende que os servizos xurídicos do concello non están para entrar en materia penal, que poderán entrar en materia urbanística, en materia administrativa; que o tema é non saber ata o día da data que estas alegacións se discutiron nunha Comisión na que por tema de protección de datos non se lle podían dar os expedientes; que se facilitarían moito máis os trámites e as xestións e que non se entraría no Pleno en debates absurdos se existisen esas reunións e se se lles informase en Comisión e se viñese con toda a información; que moitas veces o que están a ver son retrasos pola falta de información que ten a oposición; que non saben se o que reclama o anterior alcalde se podía responder ou non polos servizos xurídicos; que entende que non pola materia de que se trata pero que é algo a ter en conta. Continúa dicindo que, por outra parte, no relativo ás alegacións, que habería que estudialas individualizadamente; por eso pensan que o BNG coa emenda leva moita razón ao dicir que teñen que tratarse de forma individualizada en tanto en canto unha das alegacións achegadas podería ter moitísimo sentido e cumprir con todos os requisitos e por estar mal presentada, sen cumprir defecto formais algunha das outras catorce ou quince rexeitan a boa sen causa xustificada; que cre que se se lle facilitase con máis tempo a información á oposición, que se se sentasen todos dunha vez a falar as cousas, con toda a documentación e con tempo si que se podería contar co apoio de toda a corporación e analizar ben e informar ao veciño; que entenden que as alegacións as achegan tanto votantes do partido socialista, como do BNG como do PP ou persoas non votantes pero que teñen os mesmos dereitos que o resto; pregunta onde está o erro na cadea onde o cidadán non ten o dereito á información para presentar e facer valer os seus dereitos; di que pensa que ese tipo de conversacións son as que están a faltar nese Pleno.

Intervén o sr. Alcalde di que tal e como o expresa o sr. Prieto García, el estaría case case por darlle a razón; di que o que ocorre é que hai uns órganos colexiados e unha documentación que se entrega no 99,9 % das veces en tempo e forma, hai unhas comisións informativas que é onde se pode debater absolutamente todo e emprazarse a outro tipo de reunións se non quedan as cuestións claras e di que ás veces non aparecen e entón é moi difícil. Di que tamén hai unha Xunta de voceiros onde tamén se pode debater; que en todos os concellos é o abc do mes a mes;

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

que efectivamente podería haber todo o diálogo do mundo e existe o que existe pero o que o sr. Prieto Garcia di está moi ben dito pero non se axusta ao 100 por 100 á realidade e que llo di con todo o cariño e respecto porque él conta por faltas comisións importantes .

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Chouciño Garrido, quen, unha vez concedido di que o Sr. Alcalde di que perden o fio do que se fala nos plenos e que confunden á opinión e empezaba falando do Centro Loxístico de Transportes, da partida de un millón cen mil euros que foi no modificado de crédito aprobado en outubro de 2021; di que o capítulo 6 desaparece dun ano para outro; que o orzamento prorrógase automaticamente con excepción do Anexo de investimentos, e que se non existe unha reserva de crédito, é dicir, se non se aplicou ese crédito a algún fin e non se fixo a operación contable ese crédito desaparece, non queda reservado; que é posible que fora así, que estea reservado, pero sería unha cuestión bastante rara cando a liquidación non sería definitiva antes do peche do exercicio de 2021; que por tanto admiten se lles aclaren o que sucede, pero que desde logo, parece que non é como o goberno municipal di; que pedirán a información para a próxima comisión e lle pide á Sra. Iglesias Becerra que lles diga cando vai tocar, porque tocaba no día da data.

Continúa a súa intervención o sr. Chouciño Garrido e di que, verbo do dito de que non toca falar disto, hai unha sentenza que se converteu en firme pola resolución do Tribunal Supremo da que se dá conta na Xunta de Goberno Local de 4 de maio, polo que este é un asunto sobrevido, e estase a tratar a aprobación definitiva do orzamento, polo tanto, que os asuntos sobrevidos contan. Di, dirixíndose ao sr. Alcalde, que lles deixa impresionados cos inventos que fai; que di que non cumpren o formato as alegacións e lle pregunta qué formato.

Intervén o sr. Alcalde e di que o que establece a lei.

O sr. Chouciño Garrido pregunta se existe algún formato reglado na páxina web do Concello; di que non; pregunta por qué incumpren a lei, se teñen un expón e solicita, que é o que esixe a lei de procedemento administrativo; pregunta se se fixo algún requerimento a algún dos alegantes para dicirlles que teñen que presentalo en outro formato, para que subsanasen as deficiencias; que non fixeron ningún e pregunta ao sr. Alcalde entón qué lles ven a falar de formato; di que como o sr. Alcalde pensa que isto non hai por onde collelo, pois inventa una nova movida administrativa; que o sr. Alcalde innova en dereito de contratación cando di que os contratos se se someten a licitación saen máis caros, saltándose a lei de contratación, o que ao sr. Alcalde elle igual o que se aprobou no Congreso dos Deputados en Lei de contratación; que o sr. Alcalde innova en dereito; di que nin García de Enterría, que agora fala do erro de formato das alegacións; di que o sr. Alcalde debería escribir un libro de dereito administrativo, un tratado; di que o máis curioso de todo é que outra vez máis acuse á xente -que ten tanto mérito por presentar alegacións e participar da vida social e política deste concello- de que os prazos se dilatan, un goberno municipal con maioría absoluta que non foi quen de traer ningún dos tres orzamentos en prazo, é dicir, no último trimestre de cada exercicio anterior ao do orzamento que se quere aprobar, ningún dos tres; que este veu o mes pasado e o sr. Alcalde lle vota a culpa da dilación do orzamento á xente que presenta alegacións, que exerce o seu dereito democrático; di que é totalmente inaceptable; que ao respecto do que dixo o sr. Alcalde verbo da Fonte da Balsa e os remanentes, o Alcalde volve a innovar en dereito, porque fala de contabilidade creativa; pregunta cando se incorporarían os remanentes porque están falando de que fixeron a xogada tan sucia de poñer alí unha caseta de obra e uns palets de baldosas en maio de 2019 e estamos en maio de 2022, tres anos polo que pregunta en qué momento se incorporarían eses remanentes e se poñería en marcha; pregunta canto dura esa reserva de remanentes, se é que existe, porque aparentemente non; que hai outras cuestións verbo das cales o alcalde falou que irían con remanentes que si van no orzamento, como a reforma da praza de Galicia, e foi en anos anteriores.

Di, respecto ao dito polo sr. Alcalde en referencia á solicitud do sr. Sacristán que os servizos xurídicos están para defender ao Concello, que o alcalde é un órgano do Concello, o principal xunto co Pleno, que por tanto, discrepa do dito polo sr. Antón, pese a que recoñece a súa formación, porque cre que se equivoca neste caso; que é certo que se reclama en moitos concellos por alcaldes que foron acusados porque lle botan a mesma cara que lle bota este.

Di que, en canto ao dito polo sr. Alcalde que puxo en coñecemento da xustiza e falou de bulo, que non é ningún bulo; que o sr. Alcalde fixo esa reclamación por posibles ilícitos xurídicos e deron lugar a súa tramitación xurídica, polo que non é ningún bulo.

Remata a súa intervención o sr. Chouciño Garrido dicindo que por todas estas cuestións solicitan que se aprobase a súa emenda para poder votar por separado cada unha das alegacións.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01UY	USG/2022/77
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1E15 3Z4I 3Y3O 0L5L 1AYA	

Intervén o sr. Alcalde e di que o sr. Chouciño Garrido a pesar das explicacións que se lle dén, sempre pensa que está en posesión da verdade e da razón absoluta e di que no libro que escriba fará unha mención especial ao seu caso.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete(7), dos/as Sres./as: Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a emenda.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 9 de maio do ano 2022 (código de documento UIT16I00CD), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: cinco (5), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: dúas (2), dos/as Sres./as: Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 9 de maio do ano 2022 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,

O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H